

# Liveworksheets.com

No menú superior, unha vez teñamos accedido cos nosos datos, teremos acceso ás seguintes opcións:

The screenshot shows the top navigation bar of the Liveworksheets.com website. The bar is dark blue with white text. On the left, there is a logo for 'LIVEWORKSHEETS' and a search bar with the text 'Buscar fichas interactivas'. On the right, there is a language selector 'English - Español' and a search button 'Búsqueda avanzada'. The main navigation menu includes: 'Inicio', 'Sobre este sitio', 'Fichas interactivas', 'Crea fichas interactivas', 'Crea cuadernos interactivos', 'Comunidad', and 'Ayuda'. Below the menu, there are four blue buttons: 'Acceso alumnos', 'Fichas interactivas', 'Crea fichas interactivas', and 'Crea cuadernos interactivos'. A dropdown menu is open under 'Ayuda', showing 'oscarabilleira' with a downward arrow. Red arrows point from the text descriptions below to the corresponding menu items: 'Fichas interactivas', 'Crea fichas interactivas', 'Crea cuadernos interactivos', and 'oscarabilleira'.

Ver as fichas interactivas xa creadas públicas (compartidas por outros usuarios)

Crear unha nova ficha (1)

Crear un novo caderno (2)

Entra no teu perfil: As miñas fichas, os meus alumnos... (3)

En cada apartado contas tamén con titoriais máis extensos de como se usan


## 1 .- CREAR FICHAS INTERACTIVAS:

Ademais de empregar as fichas interactivas creadas por outros usuarios, tamén podemos crear as nosas propias fichas interactivas e compartilas, se queremos, cos usuarios de liveworksheets.com.

Para facelo deberemos seguir os seguintes pasos:


1. Preparar o fondo (imaxe ou pdf) sobre o que logo engadiremos as caixas. Debes telo no teu ordenador. Mira no apartado 2 como ten que ser o fondo para cada tipo de pregunta (se ten que ter as respostas escritas nel ou non)
2. Preme "crear ficha" e sube o fondo.
3. Debuxa as caixas sobre o fondo, nos lugares que consideres (segundo o tipo de pregunta, ver táboa do punto 2)
4. Escribe os textos correspondentes en cada caixa (ver táboa do punto seguinte, segundo o tipo de pregunta a engadir)

5. Previsualiza e comproba se funciona correctamente.
6. Garda os cambios e elixe se facela pública ou privada, se é a primeira vez que a gardas (poderás cambialo todas as veces que queiras)











Cando prememos en gardar ficha, por primeira vez, preguntaranos se queremos que esta ficha sexa privada (só para nos) ou pública, compartida e dispoñible para tódolos mestres/as que usen liveworksheets. Neste último caso parecerá no apartado “Fichas interactivas” de acceso para todos.

No teu perfil (3) terás sempre acceso ás túas fichas creadas (“Mis fichas”), xa sexan privadas ou públicas. Alí poderás modificar diferentes aspectos das fichas creadas, e volver a esta mesma pantalla de edición, para facer os cambios que precisas.



## 2 .- TIPOS DE PREGUNTAS E CÓDIGOS A INTRODUCIR NAS CAIXAS:

Tipo de pregunta		Código a introducir, nas caixas debuxadas	Exemplo	Observacións
 <p>Casillas de escribir</p>	Escribir a resposta correcta	Escribe a resposta correcta en cada caixa de texto	cabeza	
 <p>Cadro de opcións</p>	Elixir entre varias opcións nun desplegable	Escribir "choose:" seguido das opcións separadas por barras, poñendo un asterisco antes da correcta	choose:cabeza/*tronco/extremidades	
 <p>Selección múltiple</p>	Elixir entre varias respostas, xa escritas, cales son as correctas (elixindo caixa)	Escribir en cada caixa: select:no (se é incorrecto) selec: yes (se é correcto)	select:no select:yes	O fondo ten que ter xa escritas as respostas correctas e incorrectas e temos que "debuxar os cadros de texto sobre elas"
 <p>Casillas de selección</p>	Elixir entre varias respostas, xa escritas, cales son as correctas (facendo check na caixa)	Escribir en cada caixa: tick:no (se é incorrecto) tick: yes (se é correcto)	tick:no tick:yes	O fondo ten que ter xa escritas as respostas correctas e incorrectas e temos que "debuxar os cadros onde farán o check ó lado de cada unha"
 <p>Arrastrar e soltar</p>	Arrastrar palabras ó seu lugar correcto	Escribir en cada caixa: orixe -> drag:palabra destino -> drop:mesma palabra	drag:cabeza drop:cabeza	O fondo ten que ter xa escrito o que imos arrastrar e sinalado o lugar onde deixalo

 <p>Exercicios de escoita</p>	<p>Le o texto que se sinale cando se coloca o rato no lugar correcto</p>	<p>Escribir nunha caixa "listen:" seguido da frase a ler, e escoller en que idioma</p>	<p><a href="#">listen: texto que queremos que lean</a></p>	<p>Escribiremos o texto que queiramos que lea, e preguntárenos en que idioma queremos que o lea. Só funciona en Chrome e Safari</p>
<p>Sopa de letras</p>	<p>Sopa de letras a partir da imaxe de fondo que xa contén a sopa de letras.</p>	 <p>Vídeo-tutorial de axuda</p>	<p><a href="#">Wordsearch (axustaremos o número de celdas e marcaremos as palabras correctas)</a></p>	<p>Temos que ter a sopa de letras xa lista na imaxe de fondo, teremos que axustar o ancho e o alto para que as caixas coincidan co fondo.</p>
 <p>Fala</p>	<p>Usando o micrófono terán que dicir a frase que previamente indicamos</p>	<p>Escribir nunha caixa "speak:" seguido da frase que terán que dicir ó micrófono.</p>	<p><a href="#">speak: texto que queremos que digan (co micrófono)</a></p>	<p>Temos que escribir o texto correcto, co micro gravaran o seu audio para verificar se é correcto. Só funciona en Chrome e Safari</p>
<p>Resposta aberta</p>	<p>Poden escribir nun cadro de texto pero sen auto-corrección</p>	<p>Crear unha caixa sen texto dentro, permitirá a escritura libre.</p>	<p><a href="#">Ningún texto na caixa</a></p>	<p>Non ten auto-corrección</p>
<p>Arquivos mp3</p>	<p>Ó facer click na caixa creará reproducirá un audio en mp3</p>	<p>Crear a caixa, escribir o "playmp3:" e na seguinte ventá subir o arquivo que queiramos que se reproduza</p>	<p><a href="#">playmp3: (pedirá que subas o arquivo que se reproducirá)</a></p>	
<p>Vídeos de youtube</p>	<p>Amosa un vídeo de youtube embedido na caixa que se debuxa</p>	<p>Crear unha caixa "grande" e pega dentro a URL do vídeo</p>	<p><a href="#">Pegar a url do vídeo de youtube</a></p>	
<p>Ligazóns</p>	<p>Inclúe unha ligazón na caixa que teñamos debuxada</p>	<p>Creamos unha caixa e dentro escribimo "link:" seguido da url da web.</p>	<p><a href="#">link:url_da_web</a></p>	
<p>Amosar texto</p>	<p>Amosa un texto (non interactivo)</p>	<p>Amosa un texto que escribimos previamente, na caixa debuxada.</p>	<p><a href="#">print: texto que queremos amosar</a></p>	<p>Non interactivo, só amosa o texto</p>

Podemos combinalas do xeito que queiramos dentro de cada ficha.

Para editar as caixas de texto (tamaño, cor, fonte...), hai que escoller o modo de “previsualización”, seleccionar o texto e premer co botón dereito. Veremos aparecer unha nova ventá para facer os cambios de estilo que queiramos:

Se mantemos o rato dentro da caixa ata que apareza o icono de “escoller”, poderemos movelo, eliminalo, etc..

## 2 .- CREAR CADERNOS INTERACTIVOS:

Coas fichas que xa teñamos creadas na nosa conta ou coas que sexan públicas (compartidas) en liveworksheets, poderemos crear un libro interactivo, no cal se amosen as que escollamos unha despois da outra de forma consecutiva.

Entramos en cada unha das fichas desde “as miñas fichas” e escollemos a opción “engadir a caderno”, elixindo o caderno que queiramos metelas (temos que ter o caderno creado previamente).

